

CONTEXTO HISTÓRICO	LEI	AS 7 LEIS FUNDAMENTAIS DO FRANQUISMO (1936-1975)
Guerra Civil. Influencia Fascista(1936-1941). Modelo totalitario de Estado: uso violencia contra a oposición ; control medios comunicación para propaganda e adoutrinamento. Partido Único.	FORO DO TRABALLO 1938	Inspirado na Carta di Lavoro do Fascismo Italiano Orixe da Lexislación social posterior: Maxistraturas para litixios laborais Organización Sindical Vertical * OSE Seguridade Social: seguro enfermidade, vellez, invalidez e maternidade ,subsidio familiar...
NACIONAL CATOLICISMO (1942-1957) Afastamento do fascismo ante a vitoria aliada na II Guerra Mundial. Presión dos aliados. Suprímese o saúdo fascista. España identifícase co catolicismo: Nacional-Catolicismo E co anticomunismo. Presión internacional e illamento. 1945: Derrota nazi. Leis para darlle ó Réxime unha aparencia non ditatorial (dereitos do Foro, Lei de Referendo). Manifesto de Lausana. Don Juan, fillo de Alfonso XIII postúlase como Rei de todos os españois, Franco responde coa Lei de Sucesión: España é un reino, pero Franco é Xefe de Estado vitalicio e decide o seu sucesor a título de Rei.	LEI DE CORTES. 1942	Carácter consultivo e deliberativo das Cortes. Ata 1967 non hai elección representantes Procuradores elixidos por Franco, outros por razón do seu cargo e representantes de sindicato vertical e entidades profesionais “ Por Deus, por España e ás ordes de Franco” Sempre aprobou as propostas de Franco e do goberno
	FORO DOS ESPAÑOIS 1945	Carta de Principios, dereitos e obrigas: Estado católico, social e de dereito. Obrigas españois: fidelidade á patria, lealdade a Franco, e ós principios fundamentais, servizo militar, pagar tributos... Dereitos dos españois: Todos supeditados a manter e respectar os Principios fundamentais do Réxime. Non estaban garantidos e era imposible o seu exercicio con liberdade. Práctica da censura. Individuais: liberdade de opinión, residencia e reunión e asociación Participación e representación a través da Familia, Concello, Sindicato. Sociais: educación, seguro social enfermidade e accidentes...
	LEI REFERENDO 1945	Xefe de Estado pode someter a referendo proxectos de Lei que considere de interese Xefe do Estado plena liberdade para ditar Leis Fundamentais sen necesidade de referendo
	LEI DE SUCESIÓN XEFATURA DO ESTADO. 1947	Aprobada en referendo. España defínese como Monarquía. Franco, Xefe de Estado vitalicio . Franco resérvase o dereito de elixir o seu sucesor a título de Rei (católico, xurar os principios do Movemento) e de revocar a súa decisión aínda que xa fora aceptada polas Cortes . Créase o Consello de Rexencia e o Consello do Reino
CONSOLIDACIÓN DO RÉXIME (1958-75) Recoñecemento do Réxime de Franco durante a Guerra Fría polos EE.UU en 1953, igual que polo Vaticano. España intégrase na ONU e no FMI. Aparición dos tecnócratas do Opus Dei. Apertura do Réxime: Economía: Desenvolvemento industrial de España, Turismo, Modernización de España. O Réxime prepárase para sobrevivir despois de Franco.	LEI PRINCIPIOS MOVEMENTO NACIONAL. 1958	Promulgado por Franco sen intervención das Cortes. Resume do ideario das FET e das XONS Movemento Nacional como único Partido Principios: Unidade nacional, “ España é unha unidade de destino no universal” Catolicismo de Estado. Familia, concello, sindicatos como unidades básicas de representación
	LEI ORGÁNICA DO ESTADO 1967	Votada en referendo Separación Xefe de Estado e Presidente de Goberno Forzas Armadas: garante integridade territorial, seguridade nacional e defensa do orde institucional Elección directa de 2 procuradores para As Cortes en cada provincia polos cabezas de familia Posibilidade de creación de Asociacións Políticas. Recurso de Contraforo: Recurso contra todo acto lexislativo contrario ás leis fundamentais.

O ESTADO FRANQUISTA

Xa desde o 18 de xullo de 1936, os sublevados empezaron a constitución do seu propio Estado. Crean a Xunta de Defensa Nacional, 24 de xullo de 1936, presidida polo xeneral Cabanellas, co obxecto de asumir os poderes do Estado e de exercer a representación ante as potencias estranxeiras. O 1 de outubro de 1936, o xeneral Franco foi elixido Xefe do Goberno do Estado español, a quen se lle atribuían todos os poderes do Estado.

Estado Totalitario ou autoritario?

Unha das principais polémicas da Historiografía actual é a valoración do Estado franquista. En xeral, o Franquismo valórase ben como unha ditadura militar, ben como un estado autoritario ou ben como un estado con trazos totalitarios, capaz de adaptarse ás circunstancias internacionais (ó acentuar o carácter nacional católico ante a vitoria dos aliados, ou dar unha imaxe de tecnocracia ligada ó desenvolvemento económico desde a década dos 60.)

CARACTERÍSTICAS DO FRANQUISMO								
PAPEL EXCEPCIONAL DO EXÉRCITO	PAPEL DESTACADO DA IGREXA CATÓLICA	ANTI LIBERALISMO POLÍTICO E SOCIAL	ESTADO DE XEFATURA ÚNICA E PODER ILIMITADO	ESTADO CORPORATIVO. DEMOCRACIA ORGÁNICA	ESTADO INTERVENCIÓNISTA	ESTADO NACIONALISTA UNITARIO E CENTRALIZADO	REINO SEN REI	DIFERENTES FAMILIAS POLÍTICAS
Golpe de Estado para acceder ó poder. Exército: Sostén do Réxime e Instrumento de represión política.	Lexítima ó Réxime de Franco e obtén importante papel social na educación e no control dos costumes da sociedade	Partido Único Sen Constitución. Derroga dereitos civís de 1931. Represión e oposición. Non Liberdades. Censura a medios de comunicación. Principios católicos; non a Divorcio, aborto, matrimonio civil, anticonceptivos...	Todo o poder en Franco: Poder político e militar. Fonte de dereito: del emanan as leis Só responsable ante Deus e a Historia. Máis poderes que Mussolini ou Hitler	Representación nas Cortes segundo 3 unidades naturais: familia, concello, sindicato. Designación e elección indirecta Non houbo eleccións directas ó Terzo familiar ata 1967.	Estado intervén en relacións sociais, económicas. OSE: Sindicato vertical de participación obrigatoria traballadores e empresarios. Estado dirixe agricultura, comercio, industria: INI	Non se admiten as Autonomías. Centralización. Unidade e integridade de España	Lei Sucesión de 1947. España é un reino, pero Franco é Xefe de Estado vitalicio e elixe ó seu sucesor a título de Rei (Maior de idade, católico, xurar os principios do Movemento Nacional...)	Falanxistas, carlistas, monárquicos e tecnócratas do Opus Dei. Monarquía e Carlismo: Ultracatolicismo Estado corporativo. Falanxe: control da OSE e control de masas

DEMOCRACIA ORGÁNICA. Nome que adoptou o modelo político do réxime franquista a partir do momento en que os seus aliados a Italia Fascista e a Alemaña nazi saen perdedores da II Guerra Mundial. Co nome de Democracia Orgánica o réxime tenta afastarse das ditaduras totalitarias deses países, pero en absoluto se trata dun sistema democrático pois o réxime franquista é contrario ós principios de soberanía popular, sufraxio universal, parlamentarismo, pluralidade política. liberdades... O adxectivo orgánica fai referencia ó tipo de participación política que se permite. A sociedade enténdese como un "organismo" formado por 3 organizacións naturais, a **familia** (onde se nace), o **municipio** (onde se vive) e o **sindicato** (onde se integra o mundo do traballo). Contémpanse pois representantes do terzo familiar, do terzo municipal e do terzo sindical. A prohibición de Partidos Políticos e a ausencia de eleccións explica que ata a 1967 a maioría dos representantes son ben designados por Franco ou en representación dos distintos organismos. Como principais institucións do réxime hai que destacar **As Cortes**, que non exercen o poder lexislativo, senón que se limitan a aprobar as leis presentadas por Franco ou polo goberno, a **OSE**, sindicato único que reunía a empresarios e traballadores, O **Movemento Nacional**, partido único, en definitiva un sistema con todos os poderes concentrados en Franco, carente de liberdades onde predomina a represión e a censura. O sistema político desaparecerá trala morte do ditador.